

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de de novembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e un minutos do día dezasete de novembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1278).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1279).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DO APARCADOIRO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPT. 429/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 16.11.15, que di o seguinte:

En data 10 de outubro de 2015 publícase no DOUE o anuncio de licitación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal.

Aberto o prazo para a presentación de ofertas, varias empresas interesadas na licitación teñen formulado diversas cuestións, que se reproducen a continuación.

D. Carlos Alberto Baña Neira, en nome e representación de EMPARK, APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., mediante sendos escritos presentados no Rexistro Xeral deste Concello en

datas 10 e 12 de novembro de 2015, solicita aclaracións á cuestións relativas ós pregos de cláusulas administrativas particulares (en adiante PCAP) e de prescricións técnicas (PPT).

Reprodúcense a continuación as cuestións seguidas da súa correspondente resposta:

1º.- ¿O proxecto básico vai ser valorado mediante criterios avaliados mediante xuízo de valor? O proxecto como tal non. Unicamente comprobarase que reúne os requisitos esixidos na cláusula 14.5.1 do PCAP.

Valorarase a Memoria do proxecto básico que deberá incluírse no plan de xestión.

2º.- Solicita que se aclare que documentación deberá presentarse no sobre B

Deberá presentarse a documentación enumerada na cláusula 14.5.1 do PCAP:

1. Proxecto básico das obras de adecuación e mellora do aparcadoiro da Praza de Portugal.
2. Plan de xestión do aparcadoiro da Praza de Portugal.

Que deberá reunir tanto los requisitos esixidos nesta cláusula como os esixidos na cláusula 16.1. É dicir, conforme a cláusula 14.5.1, no sobre B incluíranse:

1.-PROXECTO BÁSICO DAS OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DO APARCADOIRO DA PRAZA DE PORTUGAL

Reunirá os seguintes requisitos:

- Deberá estar asinado por técnico competente.
- Deberá desenvolver o anteprojecto de obras aprobado pola Xunta de Goberno Local.
- Incluírá a documentación detallada na cláusula 3 do PPT.

2.- PLAN DE XESTIÓN

O seu contido se axustará ó previsto na cláusula 16.1 deste prego. En consecuencia incluírá:

- 1º.- Memoria do proxecto básico. Esta memoria deberá desenvolver, ó menos, os subapartados enunciados na cláusula 16.1.
- 2º.- Programa de mantemento, conservación e reposición das instalacións.

Desta documentación se presentarán dos copias: unha copia en papel e outra en formato dixital (formato PDF ou similar) que permita a copia do texto ó portapapeis e impresión. A copia dixital deberá reunir os requisitos:

- Se presentará un único arquivo dixital para cada un dos apartados, cun máximo de 60 follas por unha cara (na cuantificación destes documentos se terán en conta todos as follas que os compoñan, incluíndo índices, caratulas, gráficos, e demais follas incorporadas). Cada un dos dous arquivos dixitais non deberán superar os 10 MB de tamaño.
- A denominación de cada un dos arquivos deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres); sobre B; apartado correspondente á documentación do arquivo.

Cada un dos apartados poderán ter 60 follas por unha cara.

3º.- Solicita o importe correspondente ó IBI dos períodos 2014 e 2015 ó que está suxeito o aparcadoiro así como unha aclaración expresa de si dito pago es incluído para o novo contrato de concesión dentro do importe a pagar en concepto de canon a tenor do disposto no estudo de viabilidade segundo o cal “A proposta que se presenta supón unha concesión para a explotación a un prazo de 30 anos, un investimento en melloras do aparcadoiro e do entorno da praza estimado en 1.147.327 euros máis IVE, en un ingreso municipal anual (canon máis tributos) de 113.000 €”.

O aboamento dos impostos os que este suxeito tanto o aparcadoiro como a súa explotación é unha obriga do concesionario, independente da obriga de aboamento do canon anual, recollidas ambas na CLÁUSULA 55ª.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO.b) En relación coa prestación dos servizos, nas letras k e b, respectivamente.

De feito, a obriga de aboamento do IBI está recollida no artigo 61 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal “1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidad dos seguintes dereitos sobre os bens inmuebles rústicos e urbanos e sobre os inmuebles de características especiais: a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmuebles ou sobre os servizos públicos a que se achen afectos”.

O importe do IBI nos anos 2014 e 2015 foi de 31.852 euros.

As empresas EMSERCO e INTERPARKING HISPANIA, S.A., formulan sendas preguntas por correo electrónico, de datas 11 e 12 de novembro de 2015, respectivamente, recibidos na dirección de correo do servizo de Contratación coincidentes coa segunda das formuladas por EMPARK, APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.. En consecuencia, se da por reproducida a resposta.

D. Ernesto Piera Trius, en nome e representación de INTERPARKING HISPANIA, S.A., en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de novembro de 2015, no que formula preguntas relativas os pregos que rexen esta licitación e que se reproducen a continuación seguidas da súa correspondente resposta:

1º. - Na fórmula que figura na cláusula 8.3 do PCAP:

$$\left[\frac{(T - t) K_t}{1 + Y} \right] x (1 + y)$$

T= Tarifa aplicable ao usuario, I.V.E. Incluído.

t= Cuota tributaria do IVE.

K_t = Factor de revisión do contrato.

Y= Tipo impositivo aplicable á operación.

Os índices específicos cuxas variacións serán de aplicación as respectivas ponderacións, serán os seguintes:

- Salarios.- Nivel salarial correspondente ao traballador coa categoría “axente de aparcadoiro” recollidos no apartado letra c.2 do artigo 39 do Convenio Colectivo Xeral de Ámbito Nacional para o Sector Aparcamientos e Garaxes (BOE 31/08/2009).
- Enerxía.- Índice oficial do custo da enerxía eléctrica.
- Conservación e mantemento da maquinaria e equipos.- Índice oficial do custo do cobre.

- *Mantemento e conservación de edificios.- Índice oficial do custo do cemento.*

A tarifa T e a cuota tributaria t ¿son do momento da revisión ou do momento da firma do contrato?

Refírense ó momento da licitación.

2º.- Na cláusula 8.3 do PCAP figura:

$$K_t = \frac{0,40 \times M_t}{M_o} + \frac{0,04 \times E_t}{E_o} + \frac{0,05 C_{ut}}{C_{uo}} + \frac{0,03 C_t}{C_o} + 0,48$$

Onde,

K_t = Factor de revisión resultante.

M = Salarios convenio nacional.

E = Índice custo enerxía eléctrica.

C_u = Índice custo cobre.

C = Índice custo cemento.Os subíndices t y 0 correspóndense coa situación do factor no momento da revisión ou execución e no de licitación, respectivamente.

¿Onde publícanse os índices de referencia para o calculo da revisión tarifaria e do canon as que fai mención esta fórmula?. ¿Que pasa se nos trinta anos da concesión algún destes índices deixen de publicarse?

Os citados índices publícanse no Boletín Oficial do Estado. Os últimos publicados constan na Orden HAP/610/2015, de 6 de abril, sobre os índices de prezos da mano de obra e materiais para o ano 2013, aplicables á revisión de prezos de contratos das Administracións públicas, publicados no BOE de data 10 de abril de 2015. En caso de que deixasen de publicarse sería preciso modificar a fórmula prevista no prego por resultar inaplicable.

3º.- Na cláusula 10 do PCAP figura aptitude para contratar: deberá acreditarse que se cumpren as aptitudes para contratar mediante a aportación de copias de certos documentos. ¿Como deben ser ditas copias?. ¿Son válidas as copias simples?

Son validas as copias simples sempre que se acompañen de declaración xurada do representante do licitador na que se declare que as mesmas coinciden cos seus orixinais.

4º.- Na cláusula 33.14 do PCAP figura "Previamente a aprobación da acta de recepción deberá entregar ó director facultativo un documento final de obra". Segundo o artigo 244 do TRLCSP ¿no debería referirse esta cláusula a acta de comprobación e non a de recepción?

A documentación deberá entregarse ó finalizar as obras e antes da aprobación da acta de recepción.

5º.- Na cláusula 38.3 e 38.4 do PCAP figura "3.- No suposto de que o concesionario non realice as obras directamente na contratación con terceiros deberá atender ás normas contidas nos apartados 3 e 4 do artigo 274 do TRLCSP. 4.- Será de aplicación ó proceso de subcontratación para a execución das obras polo concesionario o réxime de publicidade da convocatoria disposto no artigo 142 do TRLCSP". ¿Interpretase que os artigos 274. 3 e 4 do TRLCSP é so de aplicación cando se cumpren os requisitos do apartado 2 do mesmo, é dicir cando o valor da

parte do contrato obxecto de subcontratación supere a cifra de 5.186.000 euros, o que non é o caso, polo tanto, ¿a subcontratación das obras pode facerse de forma libre?.

Neste punto hai que respetar o disposto no prego e utilizar o procedemento previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 274 do TRLCSP.

6º.- Na cláusula 40 do PCAP figura o director facultativo da obra exercerá no ámbito das súas responsabilidades, as funcións de revisión e supervisión do plan proposto, e propondrá ó órgano de contratación a súa aprobación no prazo dos 10 días seguintes a súa aprobación, ¿entendemos que hai un erro de datas, posto que o director facultativo da obra debe examinar un plan cando aínda non está nomeada esta figura?.

O director facultativo, segundo a cláusula 1.3 do PCAP será nomeado polo órgano de contratación no prazo dun mes a partir da formalización do contrato, entre técnicos con titulación adecuada e suficiente con relación á obra de que se trate. Este prazo de 1 mes é un prazo máximo, nada obsta a que se nome nos primeiros 20 días, prazo fixado para a presentación do plan de control de calidade pola cláusula 40.

7º.- No anteproxecto figuran 4 barreiras , 2 de entrada e dúas de saída. Dado que o aparcamento conta con unha entrada e unha única saída, ambas dun único carril. ¿Onde se prevén colocar as outras dous barreiras?

As barreiras que aparecen cuantificadas no anteproxecto responden á posibilidade de que se incorporase en cada un dos accesos, unha entrada e unha saída de vehículos. En todo caso, será a proposta dos concursantes a que defina a solución e o número de barreiras a instalar.

8º.- A pregunta formulada por un licitador de se o 20% das prazas destinadas para aboados residentes deben ser fixas para cada aboadado ou non é necesario, o Concello de Vigo contestou "Non son fixas. Esta cuestión está regulada no regulamento do servizo". Sen embargo, no citado Regulamento do servizo, no seu artigo 3 "Usuario residente: é aquel que, cumprindo os requisitos fixados polo Concello de Vigo no correspondente contrato de concesión, adquire o dereito de uso sobre unha praza de aparcadoiro con carácter exclusivo dentro da cota de prazas reservadas contractualmente para o colectivo de residentes". ¿Coa redacción deste artigo entendemos, polo tanto, que as prazas reservadas a residentes, si que deben estar reservadas a uso exclusivo de residentes a pesar de que non exista un uso exclusivo de cada residente dentro das prazas destinadas a residentes, é correcto?.

Efectivamente, cada residente ten dereito ó uso exclusivo dunha praza das reservadas para residentes. Existe un erro na anterior resposta.

En data

O artigo 78 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas arbitra a posibilidade de que os empresarios interesados soliciten os pregos ou información complementaria a administración contratante, impondo a esta a obriga de facilitarlle a información solicitada no prazo dos seis días seguintes o da recepción da petición. No caso que nos ocupa o prazo remata o día 17 de novembro.

En mérito ao exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Aprobar as respostas as cuestións formuladas por EMPARK, APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., INTERPARKING HISPANIA, S.A., en sendos escritos de data 10 de novembro, e contidas no presente informe".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e seis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.